



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade ao literal do Decreto núm. 36/2025 de día 27.01.2024 no que se convoca a sesión Ordinaria do Pleno do Concello.

«Descrición decreto: EXPEDIENTE CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO 30 DE XANEIRO DE 2025

EXPEDIENTE Nº 2025/G010/000001

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes concluídos redactada pola secretaria da Corporación o día 27.01.2025, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. - Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión ordinaria** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo xoves **día 30.01.2025 ás 12:00 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DE ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES: SESIÓN ORDINARIA DE 28-11-2024 E SESIÓN ORDINARIA DE 26-12-2024**
- 2 APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN Nº3 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME**
- 3 MOCIÓN DO BNG: SITUACIÓN DO IDIOMA PROPIO DA GALIZA E A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A SÚA NORMALIZACIÓN.**
- 4 MOCIÓN DO BNG DE APOIO Á CELEBRACIÓN DO ANO CASTELAO EN 2025.**
- 5 MOCIÓN DO PSOE: SOLICITANDO A CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS NA ESTRADA AUTONÓMICA AC-151**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 6 MOCIÓN DO PSOE: PETICIÓN A XUNTA DE GALICIA DA COLOCACIÓN DE POSTES INTELIXENTES NAS PARADAS DE AUTOBÚS.
- 7 MOCIÓN DO PP SOBRE O SUPERÁVIT ORZAMENTARIO 2024.
- 8 MOCIÓN DO PP SOBRE A DECLARACIÓN DO 2025 COMO "ANO CASTELAO" CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO 75 ANIVERSARIO DO SEU PASAMENTO.
- 9 ASUNTOS DE URXENCIA.
- 10 DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO PMP E LEI DE MOROSIDADE 4 TRIMESTRE DE 2024.
- 11 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES
- 12 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA
- 13 ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal).

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, D^a Ana Ramos Ramos como secretaria municipal, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)».

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe polo/a funcionario/a tramitador/a así como pola Secretaria Xeral do concello de Ponte deume Dona Ana Ramos Ramos. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

